

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O ANO 2025

Dunha parte, D^a. Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. José Manuel García Santiso, con documento nacional de identidade número 33227510P, Presidente do CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, con domicilio social en Santiago de Compostela na Avda. Fernando Casas Novoa Nº 20 – Estadio Verónica Boquete porta 11, con CIF G15209588, co número de Rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia 1070 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 274.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.5 das Bases de execución do orzamento municipal para o ano 2025.
- IV. Que o Concello de Santiago, para levar a cabo, coa colaboración do CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (en adiante CLUB VICTORIA), o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas nas Bases de execución do orzamento municipal para o ano 2025, achegando a cantidade de **catorce mil euros (14.000.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 070 34100 4890011.

E, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que o CLUB VICTORIA é o club máis representativo a nivel local na modalidade de fútbol sénior feminino, dado que está a participar na 3ª Federación Feminina, o que o converte nun referente local a nivel deportivo e social.
- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a súa presenza na elite do deporte de competición, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como de exemplo e motivación para o deporte de base. En consecuencia,

CONVENIEN

1º.- Que é obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que o CLUB VICTORIA compita durante o ano 2025 na máxima categoría deportiva da cidade na modalidade de fútbol sénior feminino, 3ª Federación Feminina ou categoría superior. Isto significa que deberá participar nalgunha das mencionadas categorías deportivas durante as tempadas 2024/2025 e 2025/2026.

2º.- O CLUB VICTORIA comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

2.1.- Solicitude debidamente cumprimentada (modelo *CS006DN Subvención Nominativa en Materia de Deportes*), que inclúe unha declaración responsable nos seguintes termos:

- Os datos que aporte en calquera fase do procedemento deben ser reais e comprométese a cumprir as condicións esixidas por convenio.
- Reunir as condicións esixidas no convenio para ser beneficiario da subvención, e comprométese a cumprir todas as obrigas incluídas nela, así como a demostrar documentalmente todos os datos que figuren na solicitude se así fose requirida.
- Cumprimento de todas as obrigas regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo e igualdade entre mulleres e homes.
- En cumprimento do disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade solicitante non se atopa en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos.

2.2.- Documentación xeral da entidade:

- a) Copia do CIF da entidade.
- b) Copia do documento de constitución.
- c) Copia dos estatutos vixentes da entidade.

No suposto de non empregar un certificado dixital de representante de persoa xurídica, tamén aportará:

- d) Acreditación da representación da persoa solicitante.
- e) NIF da persoa representante.

Se dita documentación obra xa en poder do Concello de Santiago (Departamento de Deportes) e non sufriu ningunha modificación, farase constar segundo o modelo normalizado "**DEP-NOM-A-III-01. Aproveitamento documentación preexistente**".

2.3.- Certificación oficial da Real Federación Galega de Fútbol, polo que se acredita a súa participación na 3ª Federación Feminina durante a tempada 2024/25.

2.4.- Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e prace da Presidencia, do orzamento de gastos e ingresos aprobados para a tempada 2024/25 da categoría obxecto de subvención, así como o xeral da entidade.

2.5.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa facenda da Comunidade Autónoma. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

O Departamento de Deportes solicitará de oficio a certificación de estar ao corrente no pago co Concello de Santiago.

2.6.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta e no que conste o BIC e o IBAN.

2.7.- Escrito asinado pola Presidencia da entidade no que se recolla expresamente cales son os conceptos de gastos obxecto de subvención e cantidades a incluír no apartado 4 do Convenio. Estes conceptos de gasto deberán:

- Estar directamente relacionados coa actividade e non se considerarán os de carácter estrutural e/ou inventariable.
- Figurar de modo explícito no orzamento da actividade.

A entidade cubrirá a tal efecto o modelo “**DEP-NOM-A-III-04B. Relación de conceptos de gasto do convenio**”.

2.8.- Solicitud de anticipo respecto á tempada 2025/2026 (2º semestre de 2025), asinada pola Presidencia da entidade, segundo o modelo normalizado “**DEP-NOM-A-III-06. Solicitud de pago anticipado**”.

3º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

4º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2025 ao CLUB VICTORIA coa cantidade de **14.000.-€** con cargo á aplicación orzamentaria 070 34100 4890011, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a participación na competición indicada no punto 1º deste convenio.

4.1.- Destes 14.000.-€, a efectos de xustificación, **9.000 €** estarán vinculados coa tempada 2024/25, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2025 (primeiro semestre).

CONCEPTO	IMPORTE
Aluguer de autocar para desprazamentos a partidos	5.720,00 €
Gastos de Arbitraxes	1.090,24 €
Aloxamento e Manutencións	4.000,35 €
Total orzamento por estes conceptos	10.810,59 €

4.2.- Os **5.000 €** restantes, a efectos de xustificación, estarán vinculados coa tempada 2025/26, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que deberán figurar obrigatoriamente no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2025 (segundo semestre).

CONCEPTO	IMPORTE
Aluguer de autocar para desprazamentos a partidos	2.250 €
Gastos de Arbitraxes	600 €
Mutualidade de futbolistas e corpo técnico	1.200 €
Inscripción e Licenzas competición	500 €
Material Deportivo (Equipacións de competición)	2.500 €
Total orzamento por estes conceptos	7.050 €

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado por CLUB VICTORIA para cada unha das tempadas indicadas.

5º.- O CLUB VICTORIA está obrigado a publicitar a colaboración do Concello de Santiago de Compostela. A tal efecto comprométese en virtude deste convenio á:

5.1.- Colocación de valados publicitarios co lema *Concello de Santiago* en zonas visibéis nos recintos deportivos de Santiago nos que o Club/entidade celebre os seus encontros.

5.2.- Colocación do anagrama e o lema *Concello de Santiago* na camiseta de competición.

5.3.- Publicitar a colaboración do Concello de Santiago nos carnés dos abonados, entradas, publicacións e cartelería en xeral que anuncie as súas actividades, así como na páxina web e redes sociais.

6º.- Respecto á tempada 2024/2025:

Prevese a realización dun **pago a conta**, en virtude do establecido no artigo 34.4 da Lei 8/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 65.3.d) do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento. Os gastos a xustificar para os pagos a conta irán referidos ao 1º semestre de 2025 (1 xaneiro a 30 de xuño de 2025). Para facer efectivo o pago a conta é condición necesaria que o CLUB VICTORIA presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, a través da sede electrónica, **con data límite do 10 de setembro de 2025**, a documentación requirida exposta nos apartados 6.1. a 6.6. para a súa xustificación.

Respecto á tempada 2025/2026:

Segundo o establecido na cláusula 14ª, prevese a realización dun **pago anticipado da parte da subvención prevista no apartado 4.2 do convenio que ascende a 5.000 € (que supón unha porcentaxe do 35% sobre o total da subvención)**, en virtude do establecido no artigo 34.4 da Lei 8/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 65.3.d) do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

O CLUB VICTORIA debe presentar no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, a través da sede electrónica, **con data límite do 31 de xaneiro de 2026**, a documentación requirida exposta nos apartados 6.1. a 6.8. para a súa xustificación.

A continuación indícase a documentación precisa para a xustificación do convenio:

6.1.- Declaración asinada pola Presidencia da entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido os compromisos especificados na cláusula 5º do presente convenio. A tal efecto, cubrirase o modelo normalizado **“DEP-NOM-X-II-01. Declaración de cumprimento de compromisos do convenio”**.

Presentaranse unha **memoria detallada** con xustificantes de recortes de prensa, fotografías, resultados deportivos, así como modelos de cartaces, entradas, abonos..., se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio. A tal efecto, atenderase ao establecido no modelo normalizado **“DEP-NOM-X-II-02. Memoria xustificativa actividades”**.

6.2.- Documento coa relación detallada de todos os gastos realizados obxecto da subvención, asinada pola presidencia da entidade, a efectos de facilitar a tramitación administrativa da xustificación do convenio, que deberán corresponderse cos conceptos de gasto e contías que figuran na cláusula 4º do presente. A tal efecto, cubrirase o modelo normalizado **“DEP-NOM-X-II-03. Relación de gastos”**.

Con carácter xeral, a relación de gastos deberá vir ordenada cronoloxicamente e por conceptos de gasto, tal e como se establece no modelo normalizado.

6.3.- Facturas ou documentos substitutivos correspondentes a todos os gastos obxecto da subvención, todos eles referidos ao período referido do ano 2025 (1º semestre e 2º semestre), **ordenadas cronoloxicamente segundo a relación de gastos indicada no apartado 6.2.** así como acreditar o seu pagamento antes da data límite de xustificación.

Con carácter xeral presentaranse estes documentos da seguinte forma: factura ou documento substitutivo e, a continuación, xustificante/s de pagamento de dita factura ou documento substitutivo todos eles con data do ano 2025.

Excepcionalmente, baixo o criterio do Departamento de Deportes, poderán aceptarse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas e/ou da mutualidade deportiva, nas que se fagan referencia a importes correspondentes ao ano 2025 e aboados no período referido do ano 2025, sempre e cando veñan acompañadas dos xustificantes bancarios e non existan facturas ou documentos substitutivos.

A acreditación do pago realizarase por algunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante transferencia bancaria, coa copia do xustificante do cargo no que deberá figurar o concepto da transferencia, o número de factura ou, de non a haber, o concepto aboadado.
- Excepcionalmente, aceptarase o pago con tarxeta, debidamente xustificado. A entidade deberá aportar certificación bancaria do extracto de movementos da tarxeta. De non quedar claro en dito documento, a entidade deberá aportar declaración aclaratoria, asinada pola Presidencia da entidade, onde se especifique o tipo de gasto, data e canta información se estime oportuna.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 4ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos da entidade para cada tempada deportiva, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificado supere o importe da subvención recollida no mesmo.

6.4.- Declaración asinada pola Presidencia da entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas, subvencións, ingresos e recursos públicos ou privados, tanto os solicitados/previstos coma os acadados/concedidos, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron e non está previsto que superen o orzamento de gastos do CLUB VICTORIA en cada unha das tempadas previstas neste convenio, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos na cláusula 4. A tal efecto cubrirase o modelo normalizado “**DEP-NOM-X-II-04. Declaración doutras axudas (convenios de entidade)**”.

6.5.- No momento inmediatamente anterior ao pago e no momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

6.6.- Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia, coa **liquidación do orzamento de gastos e ingresos da entidade e da categoría obxecto de subvención correspondente á tempada 2024/25**, indicando a data de aprobación de dita liquidación pola asemblea xeral. De non ser posible a súa presentación deberá motivarse esta circunstancia e deberá achegar un orzamento actualizado.

6.7.- Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia, do **orzamento previsto de gastos e ingresos para a tempada 2025/26 da categoría obxecto de subvención, así como o xeral da entidade**. De non ser posible a súa presentación deberá motivarse esta circunstancia e deberá achegar un orzamento actualizado.

6.8.- Certificación oficial da Real Federación Galega de Fútbol, pola que se acredite a súa participación na 3ª Federación Feminina ou superior durante a tempada 2025/26.

7º.- O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de xaneiro de 2026.

8º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

9º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

10º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a entidade beneficiaria, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

11º.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto cuarto deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector

público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

12º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

13º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta: **ES82 2080 0348 3130 4000 8273 (CAGLESMMXXX)**.

14º.- Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto: na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Atendendo á solicitude presentada polo CLUB VICTORIA, prevese a existencia dun pago a conta e un pago anticipado, en virtude do establecido no artigo 34.4 da Lei 8/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 65.3.d) do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

A tramitación do pago anticipado está vinculado á tempada 2025/26 (2º semestre do ano 2025) e estará condicionado a que se cumpran as seguintes circunstancias:

- Que a actividade/competición obxecto de subvención non estea realizada, nin os gastos obxecto do convenio pagados.
- Que o presente convenio estea asinado e aprobado con dez días de antelación ao primeiro partido oficial da tempada 2025/26, tendo como data límite o 10 de setembro de 2025.

A porcentaxe do pago anticipado será polo **35% do total da subvención, ascendendo á cantidade de 5.000 €, estando vinculada coa tempada 2025/2026**, tal e como se establece na cláusula 4.2 do presente convenio.

A entidade beneficiaria da subvención queda exonerada de constitución de garantía en virtude do establecido no artigo 42.2.d do citado Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

No momento inmediatamente anterior ao pago deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

15º.- O Concello de Santiago está comprometido cos obxectivos en prol do uso do galego que se derivan da normativa xeral polo que impulsa o seu uso en todos os ámbitos, incluído o deportivo. É polo anterior polo que a entidade asinante, perceptora de axudas económicas procedentes de fondos municipais, potenciará e promoverá o uso do idioma galego mediante as comunicacións e realización de actividades, xa sexa por medios orais, escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.

16º A entidade asinante colaborará activamente en iniciativas promovidas polo Concello de Santiago en prol da igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero.

17º.- As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como, ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

18º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

19º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Polo CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Asdo.: Gorette Sanmartín Rei
ALCALDESA

Asdo.: José Manuel García Santiso
PRESIDENCIA